


## MISA CON NENOS

2 de abril de 2017 - CORESMA 5º-A

Xn 11, 3-7. 17. 20-27. 33-45 (br.): *“Eu son a resurrección e a vida”*.

Na Coresma descobre a Xesús. É VIDA: Fonte de vida e de resurrección.



**En Cuaresma descubre a Jesús.  
Es **VIDA**: fuente de vida y de  
resurrección.**

## 1. ACOLLIDA

Irmáns e irmás: no último domingo de Coresma, o evanxeo relátanos a resurrección de Lázaro. E é que, Xesús esperta as ganas de vivir, dá á vida unha intensidade e profundidade insospeitadas. Ao dicirnos: “*eu son a resurrección e a vida*”, estanos ensinando a amar a vida, a ser responsables ante as posibilidades que a vida nos dá, a coidar a vida divina que hai en nós. Que o encontro con Cristo neste día, nesta celebración comunitaria anímenos a dicir a Xesús: *Creo Xesús, ti es a resurrección e a vida plena.*

**(Poderíase poñer no presbiterio varias macetas de plantas floridas sobre unhas vendas e unha frase: “Xesús, es fonte de Vida e de Resurrección”).**

*No nome do Pai ... O Señor resucitado, que é fonte de vida plena para todos, sexa convosco.*

## 2. PERDÓN

*Recoñecemos os nosos pecados:*

- Ti, Xesús, que viñeches buscar o que estaba perdido. **Señor, ten piedade.** . *(Posibilidade de que o lea un/unha catequista).*
- Ti, Xesús, que quixeches dar a vida en rescate por todos. **Cristo, ten piedade.** . *(Posibilidade de que o lea un pai -nai).*
- Ti, Xesús, que es a Resurrección e a Vida. **Señor, ten piedade.**  
• *(Posibilidade de que o lea un neno - nena).*



### 3.PALABRA DE DEUS

As lecturas de hoxe fálannos do Deus que aposta sempre pola vida. Na primeira Ezequiel fálanos da promesa de Deus que nos resucitará á vida. Tamén nós somos chamados a pasar da morte á vida, impulsados polo Espírito que foi derramado sobre nós. Oxalá o grito do Señor a Lázaro, chamándoo a saír do sepulcro, resoe hoxe con forza en cada un dos nosos corazóns! Que estas lecturas nos axuden tamén a prepararnos á Semana Santa: Xesús é a fonte da nosa vida e a resurrección definitiva.

#### LECTURAS

- **EZEQUIEL 37, 12-14:** *Poñerei o meu espírito en vós e viviredes.*
- **SALMO 129: R/.** Do Señor vén a misericordia, a redención cumprida.
- **ROMANOS 8, 8-11:** *O espírito do que resucitou a Xesús de entre os mortos habita entre vós.*

**XOÁN 11, 3-7. 17. 20-27. 33-45 (breve): *Eu son a resurrección e a vida***

**Narrador:** Naquel tempo, as irmás de Lázaro mandáronlle recado a Xesús dicindo:

**Marta:** -«*Señor, o que ti amas está enfermo*».

**Narrador:** Cando Xesús chegou, Lázaro levaba xa catro días enterrado. Cando Marta se decatou de que chegaba Xesús, saíu ao seu encontro, mentres María quedou na casa. E díxolle Marta a Xesús:

**Marta:** -«*Señor, se tiveses estado aquí non morrería meu irmán. Pero aínda agora sei que todo o que pidas a Deus, Deus hacho conceder*».

**Narrador:** Xesús díxolle:

**Xesús:** -«*Teu irmáns resucitará*».

**Narrador:** Marta respondeulle:

**Marta:** -«*Sei que resucitará na resurrección no último día*».

**Narrador:** Xesús replicoulle:

**Xesús:** -«*Eu son a resurrección e a vida: o que cree en min, aínda que teña morto, vivirá; e ol que está vivo e cre en min, non morrerá para sempre. Cres isto?*».

**Narrador:** Ela contestoulle:

**Marta:** -«*Sí, Señor: eu creo que ti es o Cristo, o Fillo de Deus, o que tiña que vir ao mundo*».

**Narrador:** Xesús véndoos chorar, apertóuselle o corazón e, profundamente conmovido, preguntou:

**Xesús:** -«*Onde o puxestes?*».

**Narrador:** Contestáronlle:

**Xudeus:** -«*Señor, ven ver*».

**Narrador:** Xesús botouse a chorar. Os xudeus comentaban:

**Xudeus:** -«*Ai que ver como o quería!*».

**Narrador:** Díxolles Xesús:

**Xesús:** -«*Arredade a pedra*».

**Narrador:** Entón quitaron a pedra. Xesús, erguendo os ollos a lo alto, dixo:

**Xesús:** -«*Pai, douche grazas porque me escoitaches eu sei que ti me escoitas sempre; pero dígoo pola xente que me rodea, para que crean que ti me enviaches*».

**Narrador:** E dito isto, gritou con voz potente:

**Xesús:** -«*Lázaro, ven para fóra*».

**Narrador:** O morto saíu, os pés e as mans atados con vendas, e a cara envolta nun sudario. Xesús díxolles:

**Xesús:** -«*Desatádeo e deixádeo andar*».

**Narrador:** E moitos xudeus que viñeran á casa de María, ao ver o que fixera Xesús, creron nel.

**Palabra do Señor.** (Narrador – Marta – Xesús - Xudeus)

## 4. ORACIÓN DA COMUNIDADE

*(Sacerdote): A Deus, Pai e amigo da vida, oramos con fe, dicindo:*

*-Creo Señor, dámosche a túa Vida.*

- 1.- Pola Igrexa, para que nos contaxie de ganas de vivir, de ilusión, de fe en Cristo resucitado. **Oremos.**
- 2.- Polos cristiáns, para que superemos aquilo que hai de morte, de pecado, de vicio en nós. **Oremos.**
- 3.- Polos que viven nos sepulcros da pobreza, da desesperanza, da falta de fe. **Oremos.**
- 4.- Polos nosos defuntos, e polas vítimas do terrorismo ou das guerras. **Oremos.**
- 5.- Polos que se esforzan en desenvolver as súas capacidades e loitan pola vida, especialmente os enfermos. **Oremos.**

*(Sacerdote): Dámosche grazas, Pai polo don da vida, axúdanos a respectala e a defendela. Por XCNS.*

## 5. PRESENTACIÓN DE OFRENDAS

### - VENDAS:

As Vendas representan todo o que nos ata e nos impide que Xesús sexa o máis importante para nós, a nosa vida, aquel a quen cremos e aquel a quen queremos dar o que somos e temos.

### - ÓLEO BAUTISMAL:

O Óleo Bautismal que recibimos no Bautismo é como unha medicina para o noso espírito, para ter forza para loitar contra as adversidades da vida e saír do sepulcro do egoísmo, da intolerancia, etc.

### - MEDICINAS ... O PAN E O VIÑO:

Este último domingo de Coresma fálanos da vida e da morte. As medicinas son símbolo do coidado da vida, sen elas non poderíamos vivir ou a nosa vida estaría moi deteriorada. Señor, queremos expresarche o noso desexo de coidar a nosa vida con todas as súas posibilidades e dámosche grazas pola Vida eterna que queres para nós. E que valoremos cada día máis **o pan e o viño**, a medicina de inmortalidade, porque sabemos que *“o que come deste pan vivirá para sempre”*.

## 6.- ACCIÓN DE GRAZAS

### *Xesús, bendí as sementes de vida*

Señor da Vida, que puxeches en nós as sementes máis fermosas.

Queremos coidalas, axudalas a crecer para que se convertan en froitos de amor, de comprensión e esperanza.

Señor da vida, dámosche as grazas por toda a riqueza que depositaches no noso interior.

Sentimos como crece xunto a Ti a nosa ilusión, a nosa forza e alegría.

Sentímonos vivos e queremos compartir con todos as nosas sementes de Vida e Resurrección.

Señor da Vida, contempla con amor a cunca da nosa vida e bendí as nosas sementes.

Grazas divino creador polas posibilidades que nos deches e que temos que gozar e aproveitar.

Renova en nós a vida da graza recibida no bautismo, a túa vida divina, e que un día vivamos contigo a vida eterna no ceo.



## 7.- ALGUNHAS SUXESTIÓNS:

- **Podemos decorar o presbiterio** con plantas, sementes ou outras cousas sobre un veo, que nos recorden vida, e unha frase: *“Xesús, es fonte de Vida e de Resurrección”*. Tamén se podería sementar nunha maceta uns grans para velos xermolar en pascua.



- Resulta fácil a **representación do evanxeo** cos personaxes: Xesús, Lázaro, Marta (cos ollos tapados ao principio), Xesús (con cartel: Son a vida) e narrador.

- En Coresma **recordamos o noso bautismo**: podemos achegarnos á pía bautismal que é imaxe sacramental do sepulcro de Cristo. Podemos tocar a auga recordando que cando nos bautizamos atopámonos con Cristo e unímonos a el de tal xeito que, con el, home coma nós, entramos na morte ao pecado, pero con el, Vida e Resurrección nosa, entramos na vida para Deus. É dicir, o noso futuro non é xa a morte senón destinados á Vida con Cristo e para a gloria de Deus. Tamén poderíamos poñer un cirio aceso, anticipo do cirio pascual, luz que vence as tebras da morte.

- Organizade un **momento de oración** e para iso metede nunha bolsa unhas sementes para cada neno e un recipiente onde botar as de todos. Pensade cada un que sementes de vida queredes sementar. E imos pedindo ao Señor que nos axude a sementar a semente de ... Ao final dicimos todos: *“ofrecemos unhas sementes que representan a nosa fe en Xesús resucitado e a esperanza na nosa resurrección”*.



**REDE CATEQUISTAS GALICIA**